

abaixo e á esquerda
está o corazón

Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 12 | XUÑO 2011

PACTO DO EURO: A NOVA AMEAZA NEOLIBERAL

O vindeiro 27 de xuño, os gobernos europeos asinarán en Bruxelas un grande atraco socioeconómico de alcance internacional, polo cal os políticos da UE acordan legislar baixo as ordes do Fondo Monetario Internacional, do Banco Central Europeo e do Banco Mundial. Fronte a isto, a indignación tomará novamente as rúas o 19 de xuño



ALBERTO GARZÓN ESPINOSA
Economista.
Consello Científico de Attac

Como moitos saberedes, eu son dos que sosteñen que a crise económica que padecemos non é nin un accidente temporal nin tampouco parte dun ciclo económico que supón que a recuperación chegará necesariamente

tarde ou cedo. Para min estamos a vivir unha crise estrutural, que semade non é só económica, e cuxa resolución dependerá da relación de forzas políticas.

Coido que de todos os escenarios posibles desgrazadamente o máis probábel a curto prazo é aquel que supón unha reagudización do neoliberalismo e, xa que logo, o mantemento dunha crise permanente. E isto é así porque as medidas neoliberais que tentan recuperar a rendibilidade privada –afectada pola crise– non terán éxito precisamente porque consisten en deprimir aínda máis a capacidade de consumo das familias e do Estado.

As reformas de axustamento estrutural que se están a aplicar en toda Europa estannos levando a unha nova situación de regresión social que será tamén, por certo, a que siga alimentando o malestar que está levando nestes días á xente á rúa. En todo ese proceso, aplicado polos gobernos nacionais pero dirixido en última instancia polos grandes poderes económicos –bancos e grandes empresas–, imos perder dereitos e por suposto tamén nivel de vida.

A seguinte fase do plan de axustamento neoliberal é o pacto do euro. Un pacto contra o que a sociedade debería situarse claramente, e ningún sindicato debería transixir o máis mínimo. Perder nesta trincheira será entrar nunha nova idade media. Pero, cales son os puntos básicos deste pacto? A continuación os máis destacados:



- Evolución dos salarios paralelos á produtividade. Trátase de conxelar a relación actual de salarios e produtividade, por certo sen ter en conta que durante estas últimas décadas a produtividade subiu moito máis rapidamente que os salarios. O obxectivo último é mellorar a competitividade da economía no seu conxunto, e esixírase “garantir que a fixación dos salarios no sector público contribúa ao esforzo de competitividade no sector privado”. Iso suporá, como apunta Toledano nun artigo moi recomendábel [1], que os salarios públicos caian en termos reais para que os privados caian despois.

- Impulso ao emprego a través de reformas fiscais e mantendo ingresos totais. Iso significa que os impostos directos caerán e subirán os indirectos. Probabelmente vexamos unha subida do IVE e un descenso nas cotizacións sociais. Dado que as cotizacións sociais son parte do salario, estamos fronte a outra rebaixa salarial máis.

- Finanzas Públicas. Reformas no sistema de pensións, que como sabemos xa se aplicou parcialmente en España pero que continuará nos vindeiros anos. Ademais entraremos nun período de cuestionamento máis intenso da sanidade e educa-

ción pública, e veremos medidas como o Copago –que debería chamarse Repago–, diminución de prestacións sociais e moitas máis privatizacións –lembrems que xa comezou a de Renfe, AENA e as Lotarías.

- Estabilidade Financeira. Loita contra a fraude, que é unha medida sen dúbida acada pero da que hai que sospeitar –por exemplo, incluírán aos paraísos fiscais?–, e coordinación de políticas fiscais pero sen establecer unha Unión Fiscal como sería o máis apropiado. Ademais, probabelmente veremos a dita coordinación como unha converxencia á baixa.

- Control do déficit. Unha das maiores aberracións do pacto a nivel legal. Os Estados comprométese a establecer por lei ou até constitucionalmente medidas que limiten o déficit fiscal. É dicir, tratan de blindar a través da lexislación un determinado abano de políticas económicas. Algo que non por descoñecido –o Pacto de Estabilidade e Crecemento o continúa– é menos inaceptábel.

En definitiva, estamos diante dun paso máis nesa agudización do neoliberalismo e cara ao barranco da regresión social extrema. Aвецíñanse tempos moi difíciles para as clases baixas e medias, e presenciaremos un estancamento da crise que será tanto ou máis duradeiro e profundo como duradeira sexa a vixencia destas políticas neoliberais.

Na miña opinión o primeiro que ten que facer a esquerda é resistir. E resistir significa recoñecer que non hai pacto social que valla e que unicamente a retirada inmediata de todas estas medidas e pactos é aceptábel. En segundo lugar a esquerda ten que construír. E iso significa apostar por un novo modelo de Europa radicalmente distinto do dominante hoxe, o que supón renunciar ao carácter antidemocrático das institucións actuais e recuperar a democracia secuestrada polos poderes económicos. Hai que coordinarse cos movementos contestatarios de toda Europa para construír un modelo alternativo de sociedade baseado en principios de esquerdas. E para facer todo iso debemos concentrarnos en reverter a actual relación de forzas, dedicando as nosas enerxías a atopar puntos en común entre as “múltiples esquerdas” e abandonando a sempre terríbel sensación de que nos gusta máis ter inimigos que amigos. •

[1] En defensa de la democracia ciudadana y de los derechos sociales: No al “Pacto por el Euro”. En www.redconvergenciasocial.org



AS AXUDAS ENVELENADAS DO MENÚ EUROPEO

Os mecanismos para resolver o problema do endebedamento de moitos países na Unión Europea lembran á xestión da crise da débeda no Terceiro Mundo na década de 1980



ERIC TOUSSAINT
Presidente do Comité pola Anulación da Débeda do Terceiro Mundo

www.cadtm.org

En Maio de 2010, a Comisión Europea creou un Fondo Europeo de Estabilización Financeira (FEEF) dotado con centos de milleiros de millóns de euros [1]. As axudas deberían durar tres anos, mais xa se tornou evidente que o prazo será superado. Estas axudas están condicionadas á aplicación, nos países en causa, de programas de austeridade destinados a restaurar a solvencia.

O FEEF inscribíase nun plano de axuda máis amplo, que inclúe un financiamento do FMI na orde de centos de milleiros de millóns de euros, suxeitos ás mesmas condicións, na mesma orde de ideas que os planos de axustamento estrutural do FMI impostos aos países en desenvolvemento e ás economías do antigo bloque soviético desde os anos 1980.

Por outra banda, o BCE –Banco Central Europeo– decidiu mercar títulos da débeda emitidos polos países en dificultades; no entanto, e é esta a cuestión fundamental, a adquisición faise xunto cos bancos privados no mercado secundario da débeda. No canto de prestar directamente aos Estados membros da zona euro, o BCE presta capitais aos bancos privados á taxa de xuro do 1,25%; estes, á súa vez, mercan títulos con ese diñeiro aos Estados con dificultades ao dobre ou triplo do xuro para os préstamos a curto prazo –nos préstamos a 10 anos, as taxas poden atinxir do 10 ao 13%, coma nos casos de Grecia, Irlanda ou Portugal.

Seguidamente, o BCE merca a eses mesmos bancos privados os títulos dos Estados [2] aos cales se prohibiu comprar directamente! Evidentemente, o máis lóxico sería que o BCE prestase ao 1,25% directamente aos estados necesitados, en vez de pasar polos bancos, que así tiran gran proveito, servindo de intermediarios e entrando nunha política de préstamos enchida de riscos inmoderados que os Estados acabarán por asumir por eles en caso de risco de bancarrota. Mais non abonda con esixir ao BCE que preste directamente aos Estados, é preciso antes e por riba de todo conseguir a anulación da parte ilexítima da débeda pública e unha redución considerábel do resto da débeda [3]. De non darmos prioridade a esta esixencia, o despotismo da débeda dificilmente será aliviado e as poboacións terán que pagar a carga da crise durante as próximas décadas.

Son varias as disposicións dos tratados que rexen a Unión



Europea, a zona euro e o BCE que teñen que ser revogadas. Por exemplo, é preciso suprimir os artigos 63º e 125º do Tratado de Lisboa, que prohiben terminantemente o control do movemento de capitais e a axuda aos Estados en dificultade. É preciso abolir igualmente o Pacto de Estabilidade e Crecemento. Alén diso, é preciso substituír os actuais tratados por outros instituídos por medios verdadeiramente democráticos, a fin de alcanzar un pacto de certa solidariedade entre os pobos, no que se refire ao emprego e á ecoloxía. Cómpre revisar enteiraamente a política monetaria, así como o estatuto e as prácticas do Banco Central Europeo.

A emisión dos 'eurobonds'

Perante a amplitude da crise, os dirixentes europeos decidiron crear e emitir obrigacións europeas, chamadas "eurobonds", a fin de financiar parcialmente o Fondo que fornece os préstamos aos países máis endebedados. Este novo mecanismo permite prestar en mellores condicións nos mercados, ou sexa aos bancos privados e a outros investidores institucionais, en vez de financiar directamente as carencias dos poderes públicos a través do Banco Central Europeo ou dos bancos centrais dos Estados membros.

A perspectiva dun plano Brady para os países europeos máis endebedados

Ao longo de 2010, os dirixentes europeos decatáronse de que

Grecia, Irlanda e probablemente outros países verán empeorar a súa situación no decurso dos próximos anos, por se ter desencadeado un efecto de bóla de neve. Aínda que eses países paguen as súas débedas, o volume destas medra sen paranza, proporcionalmente ao aumento das taxas de xuro e do feble crecemento económico. Nalgúns destes países, o peso do reembolso da débeda tornarase insustentábel a curto prazo. Por iso, a finais de 2010 os dirixentes europeos anunciaron que, a partir de 2013, as futuras emisións de títulos da débeda estarían suxeitas a novas regras, prevendo a reestruturación da débeda e a redución do seu importe.

A partir de 2013, todos os títulos emitidos polos Estados europeos conterán unha "cláusula de acción colectiva" indicando que se un país non ten medios para reembolsar a súa débeda, todos os investidores deberán reunirse e indicar como reestruturar a débeda e eventualmente reducila. Este tipo de mecanismo xa fora debatido dentro do FMI no inicio dos anos 2000, logo da suspensión do pagamento da débeda por Rusia e Arxentina en 2001. Resumindo, os anos seguintes a 2013, os emprestadores privados terán que contar cunha reestruturación da débeda dos países en cuestión, o que significa unha redución do seu volume seguida de negociacións forzadas. Mais que ninguén se inque de máis por causa dos dividendos dos principais accionistas das institucións priva-

das acreedoras: non obstante, os acredores conseguiron embolsar importes considerábeis e reducir a súa exposición nos países con risco, pois o FMI, o BCE e a Comisión Europea toman cada vez máis o gravame dos préstamos.

Patrick Artus, economista-xefe do banco Natixis, fai a análise seguinte: "No inicio da próxima década, a case totalidade da débeda detida polos investidores privados xa foi reembolsada, e a case totalidade da débeda dos países en dificultade estará nas mans dos emprestadores públicos –Fondo Europeo de Estabilidade Financeira e o seu sucesor, Unión Europea, FMI..." (*Flash Economie*, 24-03-2011, <http://gesd.free.fr/flas1218.pdf>).

No fondo, todo isto lembra a xestión da crise no Terceiro Mundo durante os anos 1980, coa implementación do Plano Brady [4]. De feito, no inicio da crise que rebentou en 1982, o FMI e os gobernos dos Estados Unidos, de Gran Bretaña e doutras potencias viñeran en auxilio dos banqueiros do Norte que asumiran riscos enormes ao prestaren a xuros elevados aos países do Sur, sobre todo os de América Latina –un pouco como no sector dos *subprimes* e en países como Grecia, Europa de Leste, Irlanda, Portugal e España.

Así que os países en desenvolvemento, comezando por México, víronse na obriga de cesar o pagamento, o FMI, os países membros do Club de París,

prestáronlles capitais a condición de que continuasen a reembolsar aos banqueiros privados do Norte e aplicasen planos de austeridade –os famosos planos de axustamento estrutural.

Despois, como o endebedamento do Sur continuaba, por efecto da bóla de neve, puxeran en práctica o Plano Brady –nome do secretario de estado do Tesouro norteamericano da época–, que carrexaba unha reestruturación da débeda dos principais países endebedados, con troco de títulos. O volume da débeda sufriu unha redución do 30% en certos casos e os novos títulos –os títulos Brady– garantiron unha taxa de xuro fixa de preto do 6%, o que era moi favorábel para os banqueiros. Alén diso, ficaba asegurada a implementación das políticas de austeridade baixo o control do FMI e do Banco Mundial. Hoxe en día e por outras paraxes, a mesma lóxica provoca os mesmos desastres. ●

[1] Inicialmente eran 440.000 millóns de euros, mais perante o desenvolvemento dos acontecementos e os ataques especulativos, o importe non para de medrar.

[2] Para garantir que continúen a adquirir os títulos e asegurándolles que o BCE é o comprador de última instancia.

[3] Eric Toussaint, "Oito propostas urgentes para unha outra Europa", www.altermundo.org/oito-propostas-urgentes-para-uma-outra-europa/

[4] Eric Toussaint, *Banque mondiale: le Coup d'État permanent* [Banco Mundial: o Golpe de Estado Permanente], CADTM-Syllepse-Cetim, 2006, cap. 15.



MOZOS NAS RÚAS E SECUESTRO DA DEMOCRACIA



BOAVENTURA DE SOUSA SANTOS
Director do Centro de Estudos Sociais da Universidade de Coimbra

Nos próximos tempos, as elites conservadoras europeas, tanto políticas como culturais, van ter un choque: os europeos son xente común e, cando están suxeitos ás mesmas provocacións ou ás mesmas frustracións polas que teñen pasado outros pobos noutras rexións do mundo, no canto de reaccionar á europea, reaccionan como eles. Para esas elites, reaccionar á europea é crer nas institucións e actuar sempre nos límites que elas impoñen. Un bo cidadán é un cidadán con bo comportamento é o que vive entre as comportas das institucións.

Dado o desigual desenvolvemento do mundo, non é de prever que os europeos vaian padecer, nun futuro próximo, as mesmas provocacións ás que foron sometidos os africanos, os latinoamericanos ou os asiáticos. Mais todo indica que si poden padecer as mesmas frustracións. Formulado de modos moi diversos, o desexo dunha sociedade máis democrática e máis xusta é hoxe un ben común da humanidade. O papel das institucións é regular

as expectativas dos cidadáns para evitar que o abismo entre ese desexo e a súa realización non sexa tan grande que a frustración acadase niveis perturbadores.

Ora ben, obsérvase un pouco por todas partes que as institucións existentes están a desempeñar peor o seu papel, séndolles cada vez máis difícil conter a frustración dos cidadáns. Se as institucións existentes non serven, cómpre reformalas ou crear outras. Mentres tal non acontece, é lexítimo e democrático actuar á marxe delas, pacificamente, nas rúas e nas prazas. Estamos a entrar nun período post-institucional.

Os mozos acampados no Rosio e nas prazas de España son os primeiros sinais da emerxencia dun novo espazo público –a rúa e a praza– onde se discute o secuestro das actuais democracias polos intereses de minorías poderosas e se apuntan os camiños da construción de democracias máis robustas, máis capaces de salvaguardar os intereses das maiorías. A importancia da súa loita mídese pola ira con que car-

gan contra eles as forzas conservadoras. Os acampados non teñen que ser impecábeis nas súas análises, exhaustivos nas súas denuncias ou rigorosos nas súas propostas. Abóndalles con ser clarividentes na urxencia en am-

bombas nin atentan contra a vida dos dirixentes políticos. Manifestástanse pacificamente e a favor de máis democracia. É un avance histórico notábel que só a miopía das ideoloxías e a estreiteza dos intereses non permite ver. A pe-

democracia raramente aconteceron nas salas dos parlamentos. Ocorreron nas rúas, onde os cidadáns indignados forzaron as mudanzas de réxime ou a ampliación das axendas políticas. Entre moitas outras demandas, os acampados esixen a resistencia ás imposicións da troika para que a vida dos cidadáns teña prioridade sobre os lucros dos banqueiros e especuladores; o rexeitamento ou a renegociación da débeda; un modelo de desenvolvemento social e ecoloxicamente xusto; a fin da discriminación sexual e racial e da xenofobia contra os inmigrantes; a non privatización de bens comúns da humanidade, como a auga, ou de bens públicos, como os servizos de correos; a reforma do sistema político para facelo máis participativo, máis transparente e inmune á corrupción.

En pensando nas eleccións (lexislativas portuguesas) acabei por non falar das eleccións. Non falei? ●

• **INFO:** www.boaventuradesousasantos.pt

SE AS INSTITUCIÓNS EXISTENTES NON SERVEN, CÓMPRE REFORMALAS OU CREAR OUTRAS. NAMENTRES, É LEXÍTIMO E DEMOCRÁTICO ACTUAR Á MARXE DELAS, PACIFICAMENTE, NAS RÚAS E NAS PRAZAS

pliar a axenda política e o horizonte de posibilidades democráticas, e xenuíno na aspiración a unha vida digna e social e ecoloxicamente máis xusta.

Para contextualizar a loita das acampadas e dos acampados, son oportunas dúas observacións. A primeira é que, ao contrario dos mozos –anarquistas e outros– das rúas de Londres, París e Moscova no inicio do século XX, os acampados non lanzan

de todas as trampas do liberalismo, a democracia entrou no imaxinario das grandes maiorías como un ideal liberador, o ideal da democracia certa ou real. É un ideal que, en levándose en serio, constitúe unha ameaza nefasta para aqueles cuxos cartos ou posición social lles ten permitido manipular impunemente o xogo democrático.

A segunda observación é que os momentos máis creativos da

G-8, UN GUIÓN PREVISÍBEL



ESTHER VIVAS E JOSEP MARIA ANTENTAS
Autora e autor de *Resistencias Globales. De Seattle a la crisis de Wall Street* (Editorial Popular, 2009)

A recente cimeira do G8 en Deauville, Francia, ofreceu poucas novidades. Os seus protagonistas cinguíronse fielmente ao guión repetitivo de todos os seus encontros previos: retórica democrática e humanitaria baleira de contido, por unha banda, e profundización das políticas neoliberais, pola outra.

A fidelidade a un guión invariábel non puido disimular, con todo, o debilitamento progresivo do G8. A súa perda de protagonismo como instrumento para xestionar a orde mundial en beneficio do G20 é xaincuestionábel, como resultado das reconfiguracións da xeopolítica e a economía globais, o declive de Estados Unidos e a Unión Europea e o ascenso dos países emerxentes.

A axenda de Deauville estivo marcada en particular polas revoltas do mundo árabe, cuxo desenvolvemento desestabiliza os cimentos da economía do petróleo e debilita enormemente os mecanismos de dominación imperialistas da rexión. O obxectivo do G8 non é outro que tentar canalizar os procesos en curso na dirección menos prexudicial o seu “compromiso para defender as reformas democráticas en todo o mundo e responder ás aspiracións de liberdade” e do anuncio de axudas económicas de 40.000 millóns de dólares, o chamado “compromiso de Deauville” persegue manter a

continuidade das políticas neoliberais, dos plans de austeridade e do papel do Fondo Monetario Internacional na rexión, o impacto social de cuxas receitas é de sobras coñecido.

Baixo o shock do accidente de Fukushima, o G8 tivo tamén na súa axenda a cuestión nuclear. Detrás da retórica sobre “promover os niveis máis altos de seguridade nuclear en todo o mundo”, e de aumentar a cooperación internacional para reforzar “a cultura da seguridade en todo o planeta e mellorar a transparencia”, subsiste a firme vontade de non prexudicar os intereses do lobby nuclear, cuxos plans para relanzar a enerxía nuclear como alternativa á crise do petróleo fóronse ao traste tras o accidente xaponés. A verborrea sobre a seguridade nuclear agacha, como sinala o sociólogo Michael Löwy, que a dita industria “trae a catástrofe como a nube a tormenta”.

En paralelo, a pesar de que a declaración final do cumio afirma que “afrontar a mudanza climática é unha prioridade global”, o G8, seguindo o ronsel das reunións do COP15 e 16 en Copenhague e Cancún, avala unha política de “ecoretoscos” cosméticos que rexeita adoptar medidas que incidan no corazón do actual modelo de produción, distribución e consumo.

O debate sobre internet foi outro dos temas estrela en Deau-



ville. E, de novo, o divorcio entre retórica e realidade salta á vista. A defensa de “internet como instrumento de promoción dos dereitos humanos e da participación democrática no mundo enteiro” soa a proclama baleira de contido á luz das políticas concretas impulsadas polos membros do G8 acerca da rede. A reunión previa ao cumio entre os xefes de Estado cos xigantes empresariais do sector, o chamado eG8, escenifica a alianza entre gobernos e intereses privados. Garantir a rede como un espazo libre para a difusión de coñecementos non pasa precisamente por aí, como ben saben os ciberactivistas.

Aínda que non figurase na axenda oficial, a chegada ao vello continente dos ventos que

electrizaron o mundo árabe os últimos meses percorreu, tamén, a cimeira de Deauville. Se cadra desde a súa atalaia, para os líderes do G8, as acampadas en Sol ou Praza Catalunya aínda parecen pouco significativas, pero sen ningunha dúbida son ben conscientes da ameaza de que prenda a mecha da contestación social nunha Europa golpeada polos plans de austeridade. Milieiros de persoas mobilizábanse en Grecia durante os días do cumio, continuando a longa serie de protestas que sacoden ao país desde hai meses, pero importando o modelo de ocupación de prazas e acampadas do movemento no Estado español. Xusto un par de días despois do fin do conclave, varios milleiros de per-

soas tentaban ocupar e acampar na praza da Bastilla en París. Algo se move por abaixo.

A “rebelión dos indignados” no Estado español é a punta do iceberg dun malestar social acumulado que empeza a se transformar en mobilización social. Unha primeira sacudida social cara a unha previsíbel nova onda de mobilizacións. Lonxe de ser un movemento circunscrito ao noso país, as crecentes mostras de solidariedade internacional e de intentos de emulación noutros lugares indican que podemos estar ante o inicio dunha nova fase internacional de radicalización e mobilización contra as medidas de axustamento. Na memoria dos membros do G8 debe estar aínda o ascenso fulgurante do movemento antiglobalización hai unha década que puxo en xaque ás institucións internacionais. Deauville tivo lugar, precisamente, poucos meses antes do décimo aniversario do histórico cumio do G8 en Xénova, escenario entón de fortes mobilizacións que marcaron o momento de máximo apoxeo da contestación social a este antidemocrático club de países ricos.

Do mesmo xeito que daquela, o gran reto do presente é internacionalizar o renacemento da contestación social e coordinar as múltiples voces da indignación. ●



DENDE O CONSELLO EDITORIAL

SOBRE O PROGRAMA DO 15-M

Malia que pensei que co paso dos días as augas ían baixar máis a modo, o certo é que non remitiu a discusión relativa a un suposto programa do movemento 15-M que se concretaría en catro puntos: reforma do sistema electoral, loita contra a corrupción, melloras en materia de división de poderes e control sobre os responsables políticos.

Convén deixar sentado dende agora que o alcance dese programa é limitado. Naceu dunha das moitas comisións que operan na Porta do Sol madrileña –a de política a curto prazo–, cabe supor que debe mesturarse coas propostas que xurdan doutras comisións, de ningún xeito toma en consideración o que poidan decidir os e as participantes en acampadas e assembleas noutros lugares e, en suma, non foi referendado como a proposta do movemento. Ou seu eco mediático resultou ser, con todo, moi notábel, algo detrás do cal hai quen apreciou a influencia dalgunha man negra que apostaría, con malas artes, por unha rápida e contundente anulación de calquera horizonte de contestación aberta, dende ou movemento, do sistema que padecemos.

[...] Penso, en primeiro lugar, nalgunhas das consecuencias imprevistas, non precisamente saudábeis, do procedemento de decisión que se está a aplicar en tantos lugares: un método que, ao desterrar o voto en proveito do consenso, permite prescindir, sen máis, dunha infinidade de propostas que gozan dun amplísimo respaldo entre quen as debaten. Ao final, e de resultas, só saen adiante aquelas iniciativas que, por lóxica, non suscitan controversia algunha. Non é difícil iluminar a consecuencia maior do


despregamento dese procedemento: o movemento pasa a vincularse cun consenso de mínimos que se reduce a acordos en materias moi xerais, que non parece chamado a ter ningunha consecuencia práctica.



[...] E é que, e por acudir directamente ao exemplo das discusións que con certeza se fixeron valer na comisión madrileña de curto prazo, de seguro que nelas se escoitaron voces que, tras enunciar distancias con respecto á democracia representativa e delegativa, defenderon orgullosamente o despregamento de fórmulas de democracia directa. O ascendente desas voces é nulo, con todo, en termos dunha proposta final que ao cabo corre o risco de recoller un feixe de ideas que, ben que compartidas por todos e todas, non prestan atención a percepcións moi entendidas nas acampadas e assembleas. Ne sentido, á hora de analizar esa proposta final, tanto relevo ten o que se di como aquilo que non se di. A ausencia, en paralelo, duns principios programáticos que, moito máis amplos,

recollan sensibilidades diversas faise moito máis rechamante nun escenario no que o consenso tradúcese inequivocamente nunha exquisita moderación que, allea a calquera sorte de pluralismo, deixa inequivocamente descontentos e descontentas a moitos e moitas.


De discusións como a invocada depende a imaxe do movemento como un todo. No seo dese movemento hai como pouco dúas almas –ben é certo que á calor das recentemente creadas assembleas de barrio está a asomar algunha máis. A primeira achégana os movementos sociais críticos –o caudal de activistas e de propostas que nacen dos centros autoxestionados e okupados, do ecoloxismo, o feminismo e as redes de solidariedade que manteñen acendida a chama da contestación, e do sindicalismo alternativo–, a segunda nace dos novos indignados e das novas indignadas, coa ignominia do sistema político e económico que se nos oferta, comunemente en activo proceso de conciliación. Limitareime a enunciar unha obviedade: como queira que non nos podemos permitir o luxo de divisións nun intre como o presente, é moi importante que as declaracións programáticas do movemento, e con elas as súas concrecións en forma de propostas precisas, deixen espazo suficiente para que ninguén se sinta excluído e para que todos e todas nos atopemos razoabelmente representados e representadas. Creo firmemente que o programa que os medios de comunicación airearon os últimos días, interesadamente, como o propio do movemento 15-M non satisfai, sequera minimamente, esa premisa. ● [Carlos Taibo, 5/06/11]



www.vnavarro.org

A quen se axuda en Grecia?

[...] A débeda total de Grecia corresponde nun 50% do PIB a débeda pública e un 50% do PIB a débeda dos bancos gregos. Da débeda pública, os bancos gregos posúen un 15%, outras institucións gregas un 4% e o resto os bancos alemáns e franceses –os doutros países teñen unha porcentaxe moi baixa. Destes datos dedúcese que o colapso do estado grego, é dicir, a súa bancarrota, crearía un problema grandísimo aos bancos alemáns.



[...] Grecia, polo tanto, tamén ten poder nas súas mans, pois na súa renegociación da débeda –é inevitábel– podería ameazar con ir á bancarrota, o que forzaría concesións da banca alemá. A bancarrota preocupa enormemente aos bancos e iso dálle un gran poder de negociación. A ameaza de saír do euro, pois, é unha ameaza que debe considerarse, pois ten enormes implicacións para os propietarios da débeda, pois a revaloración da débeda pode significar grandes perdas para as bancas alemás.

En realidade, se a Unión Europea quixera, podería axudar a Grecia. E unha maneira é que o Banco Central axudase a Grecia do mesmo xeito en que está axudando os bancos, aos que lles presta diñeiro cuns xuros do 1% para que poidan mercar débeda pública de Grecia ao 9%. O BCE tamén podería crear eurobonos en lugar de dar axuda aos bancos. Que non o faga é porque pon como primeira prioridade salvar os bancos e non os países. Pero estes países teñen máis poder do que parecen ser conscientes. Ameazar con botarse fóra do euro é un deles. ● [“¿A quién se ayuda en Grecia?” Vicenç Navarro, 1/06/11]

ESQUERDA.NET

www.esquerda.net

Portugal: desastre na esquerda

O Bloco de Esquerda sufriu a primeira derrota electoral significativa da súa historia. [...] Un dos síntomas deste noso fracaso foi a desilusión co rexeitamento da dirección do Bloco a se reunir coa Troika. Esta discordancia foi enorme: incidiu nos sectores máis radicais e nos sectores máis moderados. [...] unha parte do noso eleitorado non a comprendeu e non a aceptou, entendéndoa como unha desistencia ou unha desresponsabilización.



[...] Non paga a pena queixármolos do pobo. Por moito que o resultado destas eleccións poida aparecer aos ollos de todos os activistas do Bloco de Esquerda como profundamente inxusto e impregnado de equívocos, precisamos do mellor da responsabilidade, do combate e da intelixencia dunha esquerda sen medo a ver, ouvir e pensar. ● [“Aprender sempre” José Gusmão, 8/5/11]


SIN PERMISO: www.sinpermiso.info



Bildu presentaba no seu programa a renda básica

[...] O programa especifica os efectos que tería. Eliminaría os humillantes controis e aforraria gastos administrativos; permitiría ás persoas poder elixir máis libremente a combinación preferida de traballos –remunerado, doméstico e voluntario–; favorecería o autoemprego e a iniciativa; facilitaría un aumento salarial en actividades pouco gratificantes ou atractivas; reduciría a fraude e desaparecería a ‘trampa da pobreza’. Finalmente, Bildu asegura que “garantiría as condicións materiais da liberdade”. ● [“Bildu, el movimiento del 15 de Mayo y la renta básica”. Daniel Raventós, 5/06/11]

IGADI: www.igadi.org



Guerra en Libia, silencio en Siria, Iemen...

[...] O secretario xeral da OTAN pedía “maior compromiso” dos socios para “repartir a carga militar” en Libia. Dificilmente Occidente logrará revertir ao seu favor o curso da crise no mundo árabe, nin tampouco equilibrar a incerteza dos cambios que esperan na rexión. Tampouco semella que as transicións políticas na rexión consideren escrupulosamente os intereses occidentais: o novo goberno exipcio comeza a orientar unha posición máis pro-palestina que modifica o mapa xeopolítico rexional... ● [“Libia, Siria, Iemen... responsabilidade de protexer”. Roberto Mansilla, 7/05/11]


A CONJURA...: acnjuradosnescios.blogspot.com



Vontade explícita de producir crises?

[...] os mesmos que sempre ganham descubriron na narrativa do inevitábel una ferramenta fantástica para nos obrigarem a resignarmos e a aceptarmos a súa folha de rota. [...] talvez não haja vontade explícita de producir crises, mas há, em qualquer caso, vontade clara de não fazer qualquer coisa que possa evitá-las, por um motivo único. Porque tanto durante a crise como durante o exceso prévio os que ganham são sempre os mesmos, quer através da mecânica do mercado de especulação quer através da transferencia directa de fondos públicos... ● [Óscar de Lis, 10/04/11]

RADIOCABLE: www.radiocable.com



Por que en España non falan de Grecia?

[...] Os grandes medios internacionais están informado do tema e resaltan os vínculos do movemento grego co español do 15M. Nin o bloqueio en dúas ocasións da saída de deputados –gregos e europeos– do Parlamento, nin o anuncio de Papandreou, que tras as presións da rúa, podería someter as medidas de austeridade que lle piden a UE e o FMI a un referendun popular, foron destacadas polos medios españois. No mellor dos casos publicouse unha breve nota na edición dixital. ● [“Los logros de los ‘indignados’ en Grecia destacados en la prensa extranjera, ignorados en España”. 7/06/11]